

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

2439 *Real decreto 115/2013, do 15 de febreiro, sobre as declaracións que deben efectuar os compradores e produtores de leite e produtos lácteos de ovella e cabra.*

O Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores, e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003, materializa as modificacións aprobadas no marco da última reforma da política agrícola común, denominada «Recoñecemento médico».

En España, a aplicación do artigo 68 do dito regulamento traducíuse na concesión dun apoio adicional ao sector ovino e caprino, dividido en varias liñas de axuda. Unha delas destínase a explotacións de ovino con dificultades específicas ou en áreas económicas ou socialmente vulnerables. Ás explotacións de ovino de aptitude láctea destínase unha intensidade menor de apoio que ás de aptitude cárnica, polo que é necesario poder identificar as explotacións de ovino que comercializan leite, tanto a compradores como directamente aos consumidores, co fin de poder modular nestas as contías dos importes de axuda.

Por outra banda, o pasado 30 de marzo de 2012 publicouse o Regulamento (UE) n.º 261/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1234/2007 no que atinxe ás relacións contractuais no sector lácteo do leite e dos produtos lácteos, e que establece as declaracións obrigatorias que se realizarán no sector do leite e dos produtos lácteos a partir do 1 de xaneiro de 2015.

Nese sentido, publicouse recentemente o Regulamento (UE) n.º 511/2012 da Comisión, do 15 de xuño, relativo ás notificacións sobre as organizacións de produtores e as organizacións interprofesionais e sobre as negociacións e relacións contractuais previstas polo Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello no sector do leite e dos produtos lácteos, que desenvolve aspectos regulados no Regulamento (UE) n.º 261/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo, relacionados coas comunicacións que deben realizar os Estados membros á Comisión. Entre estes aspectos encóntranse as declaracións de entregas. Para a súa aplicación en España, aprobouse o Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e se establecen as súas condicións de contratación.

Á vista desta nova normativa procede harmonizar o contido destas declaracións nos sectores de ovino e caprino ao contido das que se veñen efectuando no sector do vacún de leite.

Por outro lado, o mesmo Regulamento (UE) n.º 261/2012, do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de maio de 2012, outórgalles aos Estados membros a potestade para establecer a obrigatoriedade de contratos nas relacións comerciais do leite cru nos seus territorios.

Faise polo tanto necesario, para os efectos de comprobar o cumprimento de todas as obrigas derivadas das relacións contractuais no marco dun futuro plan de controis, dispor de información detallada das entregas de leite cru de ovella e cabra dos produtores ou doutros provedores aos compradores.

Resulta oportuno coordinar a actividade entre a Administración xeral do Estado e os órganos competentes das comunidades autónomas mediante unha disposición que

estableza os datos mínimos que deben conter as declaracións para que se poida establecer unha información homoxénea en todo o territorio do Estado, para os efectos de realizar un efectivo control na aplicación do disposto na normativa nacional e de realizar as comunicacións oportunas á Unión Europea.

Por último, debido á entrada en vigor desta nova norma, procede derrogar o Real decreto 61/2011, do 21 de xaneiro, sobre as declaracións que deben efectuar os compradores de leite e produtos lácteos de ovella e cabra.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de febreiro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten como obxecto establecer a normativa básica aplicable ao sistema de declaracións obrigatorias que deben efectuar os produtores e compradores de leite e produtos lácteos de ovella e cabra en España.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do presente real decreto entenderase por:

a) Grao: punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ), de graxa máis proteína, de cada litro de leite de ovella ou cabra. Este valor refírese normalmente en hectograos, valor porcentual en 100 litros de leite.

Para os efectos da determinación en volume, empregárase a equivalencia: peso/volume do leite:

1.º Para leite de ovella 1,038 quilogramos = 1 litro.

2.º Para leite de cabra 1,031 quilogramos = 1 litro.

b) Prezo por grao: prezo por cada punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ), de graxa e proteína, referido a 1 litro de leite.

c) Prezo por hectograo: prezo por cada punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ), de graxa e proteína, referido a 100 litros de leite.

d) Leite cru: o leite de ovella ou cabra que non fose queitado a unha temperatura superior a 40º C nin sometido a un tratamento de efecto equivalente.

e) Produtor: o gandeiro, persoa ou agrupación de persoas que subministre directamente ao comprador leite cru de ovella e/ou cabra ou realice vendas directas de leite ou produtos lácteos de ovella ou cabra aos consumidores desde a súa explotación.

f) Comprador: a empresa ou agrupación de empresas que compre leite cru de ovella ou cabra para:

1.º Sometelo á recollida, envasado, almacenamento, refrixeración ou transformación, aínda que o faga por conta doutros;

2.º Vendelo a unha ou varias empresas que traten ou transformen leite ou outros produtos lácteos.

Artigo 3. *Declaracións obrigatorias.*

1. Todos os compradores de leite cru de ovella ou cabra quedan obrigados a presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma onde estea situada a súa sede social, ata o día 20 inclusive de cada mes, unha declaración, mediante os procedementos informáticos que para tal fin sexan establecidos por este, onde se

contabilicen todas as cantidades de leite cru subministradas polos produtores e, de ser o caso, as compradas a outros operadores no mes inmediatamente anterior. A dita declaración conterà, polo menos, a información establecida nos anexos I ou II, segundo proceda.

2. Os produtores que destinen toda ou parte da súa produción á venda directa de leite ou á elaboración de produtos lácteos de ovella e cabra na explotación quedarán obrigados a presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma onde estea situada a súa explotación, ata o día 20 de xaneiro inclusive do ano seguinte, unha declaración anual, mediante os procedementos que para tal fin sexan establecidos por este, onde se contabilicen as cantidades de leite subministradas directamente ao consumo, a grosistas, a afinadores de queixos e a retallistas, no ano natural inmediatamente anterior. A dita declaración conterà, polo menos, a información establecida no anexo III.

3. O órgano competente de cada comunidade autónoma porá á disposición do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a información contida nas declaracións establecidas nos dous números anteriores mediante os métodos que para o efecto acorde o órgano de coordinación correspondente.

4. Tanto os produtores como o resto de posibles subministradores non produtores, así como todos os posibles compradores, consideraranse como «axentes» suxeitos ao establecido no Real decreto 752/2011, do 27 de maio, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os axentes do sector do leite cru de ovella e cabra, e en particular no referente á obriga de estaren inscritos no Rexistro Xeral de Axentes do Sector Lácteo, conforme se establece no artigo 15 do citado real decreto.

5. Tanto produtores como compradores deberán conservar todos os documentos xustificativos das entregas correspondentes a un ano natural durante, polo menos, tres anos contados a partir do final do ano a que correspondan. A dita información deberá ser posta á disposición da autoridade competente cando esta o solicite.

6. Corresponderá a presentación das declaracións a que se refire o punto primeiro deste artigo aos responsables dos centros lácteos de acordo co establecido no Real decreto 752/2011, do 27 de maio, salvo que o comprador designe unha persoa física distinta.

7. De acordo coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos, as declaracións efectuadas segundo o establecido nos puntos primeiro e segundo, se é o caso, do presente real decreto, consideraranse presentadas en contido e data da comunicación desde a súa recepción no órgano competente da comunidade autónoma por medios electrónicos.

Artigo 4. *Plan de control.*

1. O Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) coordinará coas comunidades autónomas, a través do órgano de coordinación correspondente, a elaboración dun plan de control, do cal poderán ser obxecto as persoas que interveñan en calquera das fases de produción e comercialización do leite e produtos lácteos de ovella e/ou cabra, e que conterà, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Os criterios adoptados para a elaboración do plan.
- b) Os compradores e produtores seleccionados.
- c) Os controis sobre o terreo que se efectuarán durante o ano natural.
- d) Os controis das declaracións de produtores e compradores.

Os órganos competentes das comunidades autónomas realizarán os controis previstos aos produtores e compradores cuxas explotacións ou sede social, respectivamente, se encontren situadas no seu territorio.

2. O órgano competente de cada comunidade autónoma remitirá os datos resultantes dos controis efectuados ao Fondo Español de Garantía Agraria mediante os procedementos que para o efecto se acorden no órgano de coordinación correspondente.

Con independencia do dito plan, as autoridades competentes poderán desenvolver cantas actuacións de comprobación ou de investigación se consideren precisas.

Artigo 5. Réxime sancionador.

1. No caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións aplicable de acordo co establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal; na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria; na Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición, e nas normas autonómicas de desenvolvemento destas, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

2. O exercicio da potestade sancionadora corresponderá ao órgano competente da comunidade autónoma.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Queda derogado o Real decreto 61/2011, do 21 de xaneiro, sobre declaracións que deben efectuar os compradores de leite e produtos lácteos de ovella e cabra.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. Facultade de desenvolvemento.

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no ámbito das súas atribucións, para a modificación dos anexos, datas e prazos establecidos neste real decreto para a súa adaptación á normativa da Unión Europea.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

O presente real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO I

Declaración mensual de compradores

A. LEITE DE OVELLA

Folla n.º _____

ANO 20_____	MES _____
-------------	-----------

DNI/NIF	Apelidos e nome ou razón social do comprador declarante
---------	---

PRODUTOR QUE REALIZA AS ENTREGAS

IDENTIFICACIÓN	N.º de orde	Apelidos e nome ou razón social do produtor			Domicilio		
	Localidade	Municipio	Código postal			Código REGA	DNI/NIF

Total litros (A)	Valor medio mensual do grao (%)	Importe total aboado (€)* (B)	Importe medio (€/L) (B/A)	Euros/hectograo

* O importe total obtérase aplicando o prezo por grao/litro pactado, incluíndo, de ser o caso, bonificacións ou penalizacións ao leite cru entregado ao comprador, en litros, nun mes natural. O importe darase en euros con dous decimais e sen IVE.

B. LEITE DE CABRA

Folla n.º _____

ANO 20____	MES _____
------------	-----------

DNI/NIF	Apelidos e nome ou razón social do comprador declarante
---------	---

PRODUTOR QUE REALIZA AS ENTREGAS

IDENTIFICACIÓN	N.º de orde	Apelidos e nome ou razón social do produtor			Domicilio		
	Localidade	Municipio	Código postal			Código REGA	DNI/NIF

Total litros (A)	Valor medio mensual do grao (%)	Importe total aboado (€)* (B)	Importe medio (€/L) (B/A)	Euros/hectograo

* O importe total obtérase aplicando o prezo por grao/litro pactado, incluíndo, de ser o caso, bonificacións ou penalizacións ao leite cru entregado ao comprador, en litros, nun mes natural. O importe darase en euros con dous decimais e sen IVE.

ANEXO II

Declaración de compras a proveedores non produtores

A. LEITE DE OVELLA

ANO 20____	MES _____
------------	-----------

DNI/NIF	Apelidos e nome ou razón social do comprador declarante
---------	---

RELACIÓN OUTROS PROVEDORES DISTINTOS DE PRODUTORES

N.º de orde	Apelidos e nome ou razón social	Domicilio social			DNI/NIF
		Localidade	Municipio	Código postal	País
					Código de proveedor*
		Leite adquirido (litros)			

N.º de orde	Apelidos e nome ou razón social	Domicilio social			DNI/NIF
		Localidade	Municipio	Código postal	País
					Código de proveedor*
		Leite adquirido (litros)			

N.º de orde	Apelidos e nome ou razón social	Domicilio social			DNI/NIF
		Localidade	Municipio	Código postal	País
					Código de proveedor*
		Leite adquirido (litros)			

(1) En caso de provedores estranxeiros, indíquese o número de pasaporte ou número de documento oficial.

(2) No código de proveedor deberase especificar a que tipo de instalación está vinculado o operador en cuestión; poderase elixir entre algún dos seguintes casos:

Código de proveedor	
1	Centro de operación
2	Centro de recollida
3	Centro de transformación
4	Cooperativa 2.º grao
5	Estranxeiro
6	Outros

B. LEITE DE CABRA

ANO 20____	MES _____
------------	-----------

DNI/NIF	Apelidos e nome ou razón social do comprador declarante
---------	---

RELACIÓN OUTROS PROVEDORES DISTINTOS DE PRODUTORES

N.º de orde	Apelidos e nome ou razón social	Domicilio social			DNI/NIF
Localidade	Municipio	Código postal		País	Código de provedor*
Leite adquirido (litros)					

N.º de orde	Apelidos e nome ou razón social	Domicilio social			DNI/NIF
Localidade	Municipio	Código postal		País	Código de provedor*
Leite adquirido (litros)					

N.º de orde	Apelidos e nome ou razón social	Domicilio social			DNI/NIF
Localidade	Municipio	Código postal		País	Código de provedor*
Leite adquirido (litros)					

(1) En caso de provedores estranxeiros, indíquese número de pasaporte ou número de documento oficial.

(2) No código de provedor deberase especificar a que tipo de instalación está vinculado o operador en cuestión; poderase elixir entre algún dos seguintes casos:

Código de provedor	
1	Centro de operación
2	Centro de recollida
3	Centro de transformación
4	Cooperativa 2.º grao
5	Estranxeiro
6	Outros

ANEXO III

Folla resumo vendas directas

A. LEITE DE OVELLA

DECLARACIÓN ANUAL OBRIGATORIA DE LEITE COMERCIALIZADO POLOS PRODUTORES Ano 20 _____ VENDA DIRECTA			Reservado para rexistro de entrada			
IDENTIFICACIÓN	TITULAR	(Espazo reservado etiqueta identificativa)				
		APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL		DNI/NIF		
		DOMICILIO	TELÉFONO	FAX	C. electrónico	
		LOCALIDADE	MUNICIPIO		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
	EXPLOTACIÓN	NOME			CÓDIGO REGA	
		LOCALIZACIÓN			MUNICIPIO	
		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL		TELÉFONO	Correo electrónico
		PRODUCCIÓN TOTAL DE LEITE / ANO				

DECLARACIÓN VENDA DIRECTA

XANEIRO (LITROS):	MAIO (LITROS):	SETEMBRO (LITROS):
FEBREIRO (LITROS):	XUÑO (LITROS):	OUTUBRO (LITROS):
MARZO (LITROS):	XULLO (LITROS):	NOVEMBRO (LITROS):
ABRIL (LITROS):	AGOSTO (LITROS):	DECEMBRO (LITROS):

Don/a.....,
na súa calidade de.....,
con poder suficiente en representación de.....

DECLARA: Que todos os datos consignados nesta declaración son certos e completos e que se somete expresamente aos controis e a facilitar os documentos, xustificantes e datos en xeral relacionados con ela que consideren necesarios as autoridades competentes.

..... de..... de 20.....

Asinado:

AUTORIDADE COMPETENTE (nome e enderezo)

B. LEITE DE CABRA

DECLARACIÓN ANUAL OBRIGATORIA DE LEITE COMERCIALIZADO POLOS PRODUTORES Ano 20 _____ VENDA DIRECTA			Reservado para rexistro de entrada		
IDENTIFICACIÓN	(Espazo reservado etiqueta identificativa)				
	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL		DNI/NIF		
	DOMICILIO	TELÉFONO	FAX	C. electrónico	
	LOCALIDADE	MUNICIPIO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	
	NOME			CÓDIGO REGA	
	LOCALIZACIÓN			MUNICIPIO	
	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	Correo electrónico	
	PRODUCCIÓN TOTAL DE LEITE / ANO				

DECLARACIÓN VENDA DIRECTA

XANEIRO (LITROS):	MAIO (LITROS):	SETEMBRO (LITROS):
FEBREIRO (LITROS):	XUÑO (LITROS):	OUTUBRO (LITROS):
MARZO (LITROS):	XULLO (LITROS):	NOVEMBRO (LITROS):
ABRIL (LITROS):	AGOSTO (LITROS):	DECEMBRO (LITROS):

Don/a.....
na súa calidade de.....
con poder suficiente e en representación de.....

DECLARA: Que todos os datos consignados nesta declaración son certos e completos e que se somete expresamente aos controis e a facilitar os documentos, xustificantes e datos en xeral relacionados con ela que consideren necesarios as autoridades competentes.

..... de..... de 20.....

Asinado:

AUTORIDADE COMPETENTE (nome e enderezo)